

Cantai galegos o himno xigante dos pobos libres, dos pobos grandes, cantai galegos a idea santa da independencia da nosa Patria.

ALFREDO BRAÑAS

A. FOUCE

PERIÓDICO GALEGO

ANO VII | Dirección e Ademin.: MEXICO 1660

BÓS AIRES, AVRIL DE 1936

Unión Telef. 38, Mayo 1741

Núm. 86

Antón Villar Ponte

O día 4 de Marzal, finou n'a Cruña a súa vida térrea, iste gran galego. Canso d'unha longa e forte loita pol-a liberdade da Pátria, acolleuse ao merecido descanso, d'aquiles que adicaron a súa vida a unha obra outa e desintresada, sin qu-a súa esperanza de tempos millores pra Galiza, se vise cumprida.

Perde a nosa causa, un mais dos seus millores guiceros. Perde Galiza un dos seus fillos mais xurdidos e representativos.

Nervo de loitador; alma tremolente de inquedanzas; sementador de ideas xenerosas.

Pra todos nós, foi sempre un exemplo de tenacidade e de reititude, no ideal único d'a liberdade galega; exemplo que se fixo carne, en tudol-os que como il, só temos un anxeo de liberdade pra Galiza. Por iso é, que non consideramos a Vilar Ponte como algo que se perde, sinon, como a un irmán que se aparta a un mais tranquiño e gañado retiro, pra seguir ditándonos desd-il a súa sabia enseñanza e a nosa reuta conduta.

Bandeira da nosa loita, dend-os comenzos do movemento redenzonista galego, sempre foi o primeiro en sinalar roteiros ao qu-il coidaba millor, pra-o conquerimento d-os nosos fins. E si algunha vegada se trabucou no camiño, nunca se lle poido decir ren, xa que n-ise mesmo trabucamento, había unha xenerosa decisión de servir a Galiza, por enriba de tudo, sagreficando os seus mais íntimos sentimentos e as súas mais apremiantes necesidades.

Nestas mesmas columnas, mais dunha vegada, xuzgamos un pouco agriamente ises trabucamentos de forma. Xuzgámolos, e dixémolo con tuda a sinceridade, como é de obriga faguelo co irmán que se quere e se respeita, cando se sinte o medo que un mal vieiro poida levárnolo pra sempre do noso lado. Porque non queríamos perdelo, porque nos faguía falla ao noso lado, porque sabíamos da súa grandeza e dos seus valimentos, non-os podíamos resinhar a que nós, e con nós Galiza, perdésemos ao mais esgrevio e ao mais baril d-os que oxe formamos nas filas nazionalistas.

E non vamos a ser nós quens devanemos bágoas pol-a súa marcha prematura. Sentimento fondo y-egoista pol-o que poidera e non tivo tempo de faguer, sí. Pero temos a ledicia de velo ir, deixándonos tras de sí, unha obra múltiple e rica, na que o seu esprito latexa e sigue vivindo a carón de nós.

Non choramos bagoas de desesperanza co-a ida do irmán maor. E non-as choramos, pra que nunca poida sentir vergoña de nós, il, que sempre soupo dar exemplo d-homía. E xa que Galiza tanta falla ten d-homes rexos e xenerosos, temos a obriga de percurar somellarnos sempre a il, na inteireza ante a door.

Os homes da Pondal e d-A FOUCE, xa fai tempo que deixamos de choromiquear, pra adeprender a erguer os peitos ante as adversidades que se poidan presentar no noso camiño.

Irmán Vilar Ponte, no corruncho mais fondo do peito de cada un de nós, hai un agarimo pr-a tua xenerosidade e un recordo vivo e inmorrente pr-a tua conduta exemplar, que te fai entre os bós e xenerosos, o millor.

Ollando a Pátria

O QUE COMPRE FAGUER

Xa temos martelado sóbor do tema, e foi precisamente un nazionalista da Pondal quen no semanceiro "Galicia" dou unhas fortes badeladas de chamado e de atenzón. Os centros da renascenza cultural da Galiza esmorecen e están en camiño de morte por falla de apoio de todo orde que vein sufrindo e que se debe a desacougos e flebeza dos entusiasmos nos homes que até agora estiveron adicados a esas tarefas.

O finado ano do 1935 foi cativo e probe na produción artística e literaria; e o que vai correndo leva trazas de ser aínda máis cativo. O boletín "Nós" ten suspendida a saída; a re-

atribución económica que lles corresponde.

O que olle e enxerga o aitual estado de cousas nese senso, darase conta de que é mester que os escritores e editores galegos, posuan un outo desintres pra escribir e editar libros que oxe poucos mercan.

Hai que ir á fundazón da escola galega, ou pol-o menos tratar de que os libros nosos cheguen ás mans dos nenos, nas escolas do Estado; e derradeiramente, queremos pór na man dos directivos de sociedades galegas de Bós Ars, a seguinte idea:

Tendo en conta que as sociedades contan con cartos, e está no ánimo dos

seus compoentes a axuda ás escolas dos seus povos, eles deberían pór en práctica o sistema que xa está en uso nos países adiantados, e que consiste en que os mestres leven aos nenos todos os anos en xeira d'estudo pola Galiza adiante. A nosa Terra, é vária en veles e montanas, en rías mainas e mares bravos, e en bisbarras, onde os froitos: viño, millo, gando e outros, son tamén vários; e ningún ensino mellor pra os nenos que ese, no qual as cousas se lles mostran aos seus ollos, tal como son, e non a través do que leron nos libros, ou do que lle dixeron os mestres. Por sorte, xa Galiza conta con establecementos industriais de algún valor, cuías visitas serían pra os nenos un elemento de ilustrazón.

¡É mester, pra que as nosas xentes perdan a tendencia a emigrar, que os futuros homes coñezan as riquezas da súa Terra!

As sociedades galegas, d'acordo cós mestres das escolas que sosteen ou axudan, son as chamadas a realizar esa laboura que a Galiza agarda pra ben da cultura dos seus fillos.

Primeiramente, é mester estimular aos escritores galegos pra que se adiquen ao estudo dos problemas da Galiza, buscando na mesma cerna do povo os elementos d'ensino, e esculcando as faces do seu vivir. Fai falla intensificar a venda e espallamento de libros, pra que editores e escritores atopen

seus compoentes a axuda ás escolas dos seus povos, eles deberían pór en práctica o sistema que xa está en uso nos países adiantados, e que consiste en que os mestres leven aos nenos todos os anos en xeira d'estudo pola Galiza adiante. A nosa Terra, é vária en veles e montanas, en rías mainas e mares bravos, e en bisbarras, onde os froitos: viño, millo, gando e outros, son tamén vários; e ningún ensino mellor pra os nenos que ese, no qual as cousas se lles mostran aos seus ollos, tal como son, e non a través do que leron nos libros, ou do que lle dixeron os mestres. Por sorte, xa Galiza conta con establecementos industriais de algún valor, cuías visitas serían pra os nenos un elemento de ilustrazón.

¡É mester, pra que as nosas xentes perdan a tendencia a emigrar, que os futuros homes coñezan as riquezas da súa Terra!

As sociedades galegas, d'acordo cós mestres das escolas que sosteen ou axudan, son as chamadas a realizar esa laboura que a Galiza agarda pra ben da cultura dos seus fillos.

"MATRIA"

Por ALVARO DAS CASAS

Un drama forte e de outa concepción patriótica, esispoente das angurias de Galiza.

Está á venda na Federación e na S. N. Pondal.

PREZO \$ 0.60

Ser Homens

Laiámonos os galegos a cotío, do esquecemento e da ñoranza en que os demais pobos da Hespaña viven con respecto á nosa Patria, e mais aínda, dos aldraxes i espoliazos de que somos ouxeto por parte d'ises pobos. E laiámonos de xeito tan cativo, que moitas vegadas sorprendémonos con tremos nos beizos como raparigos ou probes femias.

Quixéramos que os d'afora nos desen feito e de xeito espontáneo, aquilo que percisamos, sen coidar que a ninguén, senon a nós, lle importan as ncas necesidades.

Laiámonos os galegos pol-o que non nos dan, ou pol-o que nos levan, deixando mansamente pasalo tempo, sen que fagamos por nós, ren que poida remediar eses males.

I eses salaios i esas protestas mornas, non están ben. Nós non temos razóns d'abondo, pra xustificar tudo iso, pol-o feito de que ela sexa a ai-titude mais cómoda.

Cando un homen ou un pobo pón en practica a lei do menor esforzo, non se pode esperar que surxan circunstancias extranaturales, que veñan a resolverlle as súas necesidades vitales inmediatas. Por que ren, de calquer orden que sexa, se pode conquistar sen esforzo, sen grande e a veces dooroso esforzo.

Non direi, que o feito de vivir en

pobo, sempre se leva mellor pol-os vieiros mornos e negativos, porque iles requiren menor esforzo, que pol-os d'aucion e sacrificios.

Pero se non se pode esperar outra cousa do pobo, que require pensamentos e ideias xa feitas, endeben, hai dereito a eisixir outra conduta, d'aquelles que teñen a obriga de coñecer, por outras mais traballadas coalidades espirituales, cales son os roteiros que levan ao salvamento de tantos males.

I-a iso é ao que hai que ir. Sóber d'iso é. no que hai que machacar e forte.

Porque nos homens que oxe na Galiza din estar na avanzada do movemento libertario da Terra, e nos galegos que fora da Patria fan laboura no mesmo senso, hai unha fonda crise de coraxe. Coraxe de faguer, de loitar, de ser. Fallas d'arriscamento cando se trata de defender os dereitos da Patria. Falla de sinxeleza cando se trata de sinalarlle ao pobo o camiño da súa redenzon.

Atópanse nos nazonalistas d'oxe, unha serie de conceutos esvaídos e moita falla de vision ou liña reuta.

Cecais non sexa por baixeza de sentimentos. Poidera ser que se xustificuen como postura oportunista. Tal vez como xeito circunstancial. Pero o través de tudo iso hai un feito probado: nas xentes que están ao fronte do

tando con carraxe, e non fuxíndolle ao sufrimento se elo é mester pra chegar ao trunfo. Non é choromiqueando como vencen os fortes. Esas poden ser as armas que utilicen os probes homiños pra conseguir vergoñantes esmolmas, pero que sempre serán despreziados pol-os fortes que saben levar no peito un curazon ben posto e na testa un outo ideal.

Hai que ser homens, E os galegos que temos orgullo de selos, temos a obriga de manifestalo en todos os nosos actos da vida social e colectiva, deixando a unha veira cativos prexuízos ou inconfesábeis ambicions persoales, que nos farán ir sempre a remolque de alleos intereses. E quen asín non pensa e faga, non ten dereito a nomearse bô galego, nen a culpar a ninguén dos propios asoballamentos, xa que il será o primeiro culpábel do estado de dependencia da Patria.

Hai unha lei na Natureza, que mostra como tudo aquilo que non produce consume. Ñen; pois adicando isto ao problema da nosa Patria, podemos asegurar tamen que: tudo galego que non traballa forte e desinteresadamente pol-a liberdade de Galiza, laboura pol-a súa escravitude.

Non basta dicir a tudol-os ventos que queremos unha Galiza ceibe. Fai falla querelo de verdade e con sentimento. Fai falla, pôr tud'o esforzo n'ese conqurimento que é ao mesmo tempo unha obriga contraída coa Humanidade. Fai falla, colocarse na vida

Os cataláns de Bôs Aires, comemoran o 5.º aniversario da proclamazon da República Catalá

O "Casal Catalá" vella e prestixiosa entidade que agrupa no seu seio aos mais lídimos patriotas cataláns, o día 14 do corrente, realizou no seu local social, un gran acto público en comemorazon do 5º aniversario da proclamazón da República Catalá.

Cun-a farta concorrência que repletava o amplo salon, puxo-se a abrir o acto o enxeñeiro señor Ramon de Fortuny, presidente da Instituízon devandita, quen agradece ás entidades alí representadas, de cataláns, vascos e galegos, entre as quais achaba-se a "Pondal", e ao publico en xeral, a súa adeson e a súa presenza áquele acto comemorativo de tan histórica data do povo catalán.

Logo, o señor Joaquin Algueró, en nome do "Casal Catalá" histórica a proclamazon da Rep. Catalá, polo avultado lider catalanista, o mais bariil apóstolo das liberdades de Catalunya, don Francesc Maciá; e continua facendo afervoadas manifestazons dos anseios de liberdade que latexan nos peitos de todos os cataláns.

Segue-lle no uso da verba, o señor Pedro Seras, en nome da revista ca-

terra de lobos nos obrigue a oubeir como iles pra evitar que nos coman; pero sí, é mester saberse defender e hastra atacalos se fai falla, en vez de pregarlles que nos deixen vivir tranquilos, por que é cousa que os lobos non entenden. E non o entenden, por unha sinxela razon de orden ético e biolóxico: por que son lobos.

Enton, hai necesidade de ollar craro e lonxe a realidade e non matinar sempre no mesmo estribillo, faguendo cair sóbor dos mais as culpas e os pecados de que nós sós somos responsábeis.

E certo, que a influencia extranxeira na Galiza, tiña que haber afogado moitas virtudes no noso pobo; e sóbor tudo, si se trata de virtudes que non teñen unha fonda raigame n-il. Pero esa, sempre será unha razon demais pra tratar d'eisaltalas.

Eu ben sei tamén, que a masa do

galeguismo e do nazonalismo galego, hai falla, moitísima falla d'homía. I eis ahí a mais grave desgraza da Galiza.

Non nego excepcións que sempre xustifican a regra. Pero cando un pobo experimenta unha fonda crise, e se ela é de homens como no caso de Galiza, hai que recorrer aos remedios heroicos pra atoparlle unha cura radical.

I é por iso que n'estes, casos, debe ser o pobo quen se converta en curador das súas endemias, deixando a unha veira a quen entorpeza o seu camiño, por preguiza, cativeza ou maldade.

Que non basta nacer varon, pra adonarse de dereitos que non se gañaron.

Hai que ser homens.

E iso, só se amosra faguendo gala de facultades, traballando forte, loi-

co'ese conceuto de responsabilidade que cada un contrae no momento de nacer; que non é deixándose levar pol-o tempo, sinón saindolle ao paso como a vida se merez.

E ao pasar por ela, deixar grabada pra as xenerazons futuras, xunto coa laboura xenerosa a nosa impronta de homens.

Fiz do Val.

Para os que gostan de ser hespañistas

Galiza ten que pagar ao ano a Castela, polo dereito de comer pan, o prezo do pan aparte, uns cen millóns de pesetas.

Tan avultada cantidade, non chegaría a sair do seu chao si se acha-se ceibe da opreson hespañola e gozase dun-a absoluta independencia, que lle permitise arranxar as leis e resolver os seus problemas, d'acôrdo coas súas propias necesidades.

¡E dempois, aínda hai galegos desleigados que, atrevendo-se a dizer que a nosa Terra non pode vivir independente, por carecer de certos produtos, aluden ao trigo como un de tais; que como se vê, e ao igual que os demais produtos que nós é certo non temos, e que os teen outras rexions da península, temo-lo que pagar exorbitantemente, á forza, podendo adquirir tôdo moito mais barato noutros países!

talá "Ressorgiment" quen se expresa nun senso d'absoluto patriotismo catalán, e fai aluson do fondo sentimento de catalanidade que animaba aos orgaizadores do acto.

En nome do comité "Libertat" o doutor Francesc Masferrer dirixíndose aos seus compatriotas, encomeza, exortando-os a que non fosen ao "Casal" a fazer política; alí — diz — que fosen a fazer Pátria. E coa mesma entra a fazer, de xeito maxistral, un estudo sóbor do conceito de Pátria, que o tornou acreedor a un-a grandiosa ovazon. Ocupa-se por derradeiro da Galiza, con verbas tinxidas de lousanza, e menta a Rosalia e a Pondal, facendo-o cun linguaxe tenro, e de sentida admirazon.

Falaron tamén, representantes das demais Instituzons aderidas; facendo-o en nome noso, o irmán Joan G. Francisco, quen após de verter verbas de felicitazon para as autoridades do "Casal", e de render un agarimoso recôrdo ao patriota exemplar, símbolo das liberdades catalás, Francesc Maciá, invoca o paralelo dos dous povos, Galiza e Catalunya, con respecto á súa persolaidade natural, e ao seu estado inxusto d'opreson; terminando cun cordeal saúdo, dirixido á xuventude catalá, en nome da xuventude galega, da que é integrante.

O señor De Fortuny, anuncia o fechamento do acto dando comezo á execuzon da canzon "Els Segadors" a qual foi entoada pola numerosa colectividade catalá.

MANOEL CAMPOS

Representante exclusivo das marcas
HABANOS LAS PERLAS - CIGARRILOS CLOWN - TABACO DILL
BEST - CIGARRILLOS EGIPCOS "KING GEORGE" (Alejandría).

TABACOS E CIGARRILLOS
De Gallaher, Ltda. - Belgast y Londres, Rotary Gold Bond Colombine,
Par Drive - Two Flakes.

Pasando o Cribo

Na Galiza está-se tratando de materializar a idea, de constituir unha sociedade d'escritores galegos.

Pra nós, iso de que os escritores se asocien e defendan os seus intereses — bastante mal defendidos por mor das aitudes e posturas de moitos deles —, é cousa que non está mal. Mais ocorrémosnos maxinar se iso de "escritores galegos" non ven a ser ao fin, unha pastelada máis no campo das cousas galeguistas.

Porque, ollemos ben, ¿quántos e quais son na Galiza os que con xustiza se poden chamar escritores galegos? ¿Ou é, que o que se teima, é formar un agrupamento d'escritores da Galiza que por desleigamento e acomodo indino escribén en idioma alleio?

Se nos poñemos a escribir, o froito limpo caberíanos nunha man.

Os nazonalistas non somos xente a quens doadamente se nos engaiola con iso da representación parlamentaria no congreso da Hespaña; pois aínda que foran alí os corenta e tantos galeguistas de que se falou, nós coidamos que as cousas da Galiza non trocarían moito.

Pro de ir a Madrid deputados galegos, o menos que se debe pedir é que

cós respetábeis ideais do galeguismo, e que tome pol-a sua conta o homaxe dino que se lle debe render á cantora máxima de Galiza.

Agardemos vixiantes as iniciativas, e coidémonos das ridiculezas postas en práctica en data non lonxanamente pasada. Se aínda fica algunha decénia entre os que se chaman galegos; o caso do 17 de Nadal, data da morte de Pardo de Cela, non debe repetirse de novo.

N'este rebulir dos galegos emigrados, pódese ollar doadamente a satisfacción de moitos, pol-o trunfo eleitoral dos grupos de tendéncia esquerdista na política hespañola, e non fallan os que, ao redor d'esa que chaman "victoria da democracia", fagan os pronósticos máis fantásticos de melloramento e ben-estar pra o povo.

Por moitos e difrentes motivos, debemos dicir, que o trunfo das esquerdas foi recibido por nós con simpatía. Pro nós non somos xentes a quens nos poidan engaiolar as noticias que sóbor da política da Hespaña chegan acotío a Bos Aires. Nen as noticias, nen a política mesma.

A nós interésanos o que Galiza pode ir gañando ou perdendo, ao rubir ao goberno da Hespaña uns señores que seguirán non enxerguendo os no-

tales homes non fagan un papel triste, e doen a impresión da sua falla de homía e demais qualidades que debe levar a costas decote o representante do povo.

Se a Galiza manda deputados a Madrid, eles deben demostrar que na Galiza hai homes.

Coidamos que o dito é craro d'abondo.

Está a chegar a data do centenario do nascimento de Rosalía, e pol-o que se olla, entre os galegos emigrados, ningún até agora maxinou o que se debe fáguer pra lembrar dinamente áquela que adicou, precisamente, aos emigrados, as mellores froes do seu lírico xardín.

Nós diríamolle a certa entidade galega, que deixe a unha banda as preocupazóns e os medos que a levan a realizar unha laboura probe, dispartada e en contradición moitas veces

sos problemas.

O que a nós debe interesarnos fondamente, é que o povo galego vaia adequirindo concéncia de como se pode emancipar da colonización política, económica e espiritual, que o está emmagando e o terá submetido se ele non sabe erguerse.

Noceda.

Farmacia "JUNIN"

LABORADOIRO DE RECEITAS

Análises e Esterilizacións

Material aséptico pra curas

Rúa CANGALLO 2100

U. T. 47 - 1568

FÁBRICA DE CONFEITOS, TURRONS E COMPRIMIDOS

DE

A. HERMIDA

Teléfonos: 60-2136 y 6933

Rua BELGRANO 4145

BÓS AIRES

Un menos na loita

Un menos na loita, un menos nas fileiras nazonalistas, un mais no libro dos que morreron loitando pol-a Terra. A Viqueira, Salvador Cañeza, Xurxo Lourenzo, Porteiro e Lousada Diéguez, temos a dor de lle ter que engadir o nome de Antón Villar Ponte.

Villar Ponte, o fundador das Irmandades da Fala, desapareceu da nosa beira, desaparece no intre en que a Galiza o tiña elexido pra que a representara nas Cortes da Hespaña, pra que fixese unha laboura froitosa na defensa da Terra; mais a Parca non tivo en conta isto, e levouno a un mundo cecais millor...

Antón, a túa obra non morrerá onde ti a deixache; nós, nazonalistas de curazon, levarémola de bandeira, e exporémola como exemplo de cidadanía, a todos aqueles que se fan raicíos á defensa da Terra, e defenden intreses alleos; e en troques déixanse asoballar por xente estranxeira, sen teren o valor de se erguer pra reclamar o que por dereito lles corresponde.

Ti fuche a semente das Irmandades da Fala, das quais é froito o galeguismo nazonalista d'hoxe. O teu nome será o noso lema, como home sacrificado pola Terra. Ti fixeche a tua obra, e agora tócanos a nós continuala; os mozos nazonalistas, xurámosche cō pensamento posto na bandeira que cobreu o teu cadaleito e no teu nome, levala adiante. E se así non o fixésemos, non seremos dinos de chamarnos galegos, nen d'habermos sido nados na mesma Terra en que ti nasceche, na que viviche, e na que pola qual ti tanto loitache; e nen tampouco viver na Galiza, porque non seríamos dinos de pisar a terra na que estás sepultado, convertíndote en "terra da Terra".

Roxerio R. Bretaña.

Ourense, Marzal 1936.

Realidades que hai que reconecer

A nosa condizon de lídimos patriotas galegos, cō espírito de cote alporizado pola ultraxante realidade que cobre ao noso povo, ten-nos movido moitas veces a condenar duramente á masa cidadá en xeral do mesmo, pola

reito a ser, deve resoar en tōdo tempo e en tōdo lugar polo chao galego; e non semente arredor dun-as eleizons, e naqueles lugares onde se venten maiores posibilidade de conquistar mais votos, para asegurar un-a acta de

sua atitude pasiva e silenciosa perante o trato iniquo e vergoñoso de que soie ser obxeto, por parte do execrável goberno estranxeiro da Hespaña, e francamente, non sempre nos acompañou un-a xusta razon para fazermo-lo asin, nese senso absoluto.

Entre o total da povoazon galega, existe un-a ampla quantia de seres que viven plenamente ás escuras con respecto ao sêr natural da Galiza; a sua entidade, como un tōdo, é ignorado por moitas intelixéncias populares, debido ao ambiente compretamente falso en que éstas soien educar-se.

Pois nas escolas, como ben se sabe, por tratar-se de seren estabelecimentos oficiais do Estado opresor, ocultan-se as características individuais do noso povo, nega-se a sua personalidade nacional. E a laboura que particularmente se leva feito, no senso de destruír tal embaucamento, tal entoxicazon espiritual de que son vítimas tantos cidadáos, é de proporzons debles polo d'hoxe; resultando que istos se "son hespañóis", é por inconscéncia, por pura ignoráncia, non por degenerazon tal como acontece con outros.

No noso chao, é moi necesária a execuzon dun-a laboura de proselitismo galego, moi intensa. Para destruír a peste do hespañolismo que ten enfizado o sentimento da propia Pátria no interior das nosas xentes, precisa-se levar a cabo un-a moi xúrdia cruzada.

A prédica da nosa realidade, a prédica do que somos, e do que temos di-

deputado, tal como se ven observando.

Ao povo, é mestêr inculcar-lle desinterese persoal, irradiar-lle abnegazon patriótica, para que a semente das ideías d'emancipazon nacional, achen nêle fertilidade.

Nada de disfarces, nen meias-tintas; hai que falar con sinceridade o que latexa no sentimento; os problemas e as necesidades de Galiza, deben ser expostos de xeito claro e concreto, ás masas galegas.

Deve-se dizer que, a Hespaña non é a Pátria dos galegos; que a Hespaña é a pñsonificazon do imperialismo castelao, dese imperialismo despótico e traidor, cobarde e asasino, que roubou crudelmente a nosa soberanía, e caluniou grōseiramente á nosa raza. E engadir que a verdadeira Pátria dos galegos, é Galiza; ilustrá-los do proceso da sua história, e prantear-lles a sua imperiosa necesidade espiritual e material, de vêr-se arredada da sinistra dominazon alleia que pesa sóbor dela.

Asin dēste xeito, e en aizon perene, por tōdos os recunchos da Terra, os representantes do galeguismo nazonalista, procederían con maior lealdade á realidade da Pátria, e servirían mais eficazmente á causa da sua liberazon, que ir a ceivar discursos ao Palramento hespañol, laiando-se dos nosos males, das inxustizas que nos cobren, que o mais das veces, tais laios, só serven para obtêr respostas de ironía magoante para a nosa dinidade colectiva, e producir sorrisos de nós no recinto da cámara.

DEREITO A PATRIA

De quantos povos que dempois d'un período mais ou menos longo d'escravitude conqueriron a súa soberanía, posiblemente non haxa un cós mesmos dereitos que Galiza para ser pátria. Pode-se dizer que non existe un déses povos con mais dereito que o noso, se por dereitos, ademais dos que ten todo povo a ser ceibe, sexan quaes sexan as suas características, se consideran como tais as circunstancias que lle privaron da súa liberdade, como as cualidades e facultades que o distinguen para o seu desenrolo de nazon soberá.

Todos os grandes tratadistas en materia de nacionalidades, sen excepcion, fican contestes en afirmaren que todo povo étnico que teña un-a tradizon e un-a lingua, atopa-se facultado para ser un-a nazon libre e soberá.

A isas três qualidades: raza, história e idioma, que para os tratadistas son indispensáveis a un-a comunidade de sentimentos e ideais, tén-se que engadir, con referéncia a Galiza, outras facultades con que ista conta e que a revestén, con aquelas, de características propias e definidas como para determiná-la como un-a nazon que pode valer-se a si mesma e sen indignas tutorias como a magoante que suporta

— para mellor explotá-lo — dos opresores con o noso povo, influenciou de tal xeito a persoalidade das xentes galegas, que ao tempo d'esquilmá-lo, compria o seu designio d'empobrecer o sentimento galeguista, até o punto de ser hoxe tal circunstancia, a que mais gravea sóbor da liberdade de Galiza.

Tal influencia aparelhada cun-a complacência suicida do povo para con os tiráns, fai que hoxe os galegos fiquemos espallados polo mundo adiante, lonxe dos nosos afeutos, en procura do ben-estar que a nosa Pátria non nos nega, mais que nos rouba o estado opresor. Finaremos por ser un povo errante, un povo que esquecerá inclusive a súa Pátria e raza.

Isto será o derradeiro da Nazon Galega: deixar valeiro aos opresores o noso chan.

Fagamos propósito de non chegar a tal. Fagamos por ter fe no destino dun-a Nazon Galega; por ter un-a patria legítima, nosa, exclusivamente nosa.

Fagamos valer o dereito a termos Pátria. Para élo, o povo galego, non precisa mais que ser galego. Con iste orgulo de galego, o noso chan é noso, e con éle a Pátria.

dende séculos.

A súa envexável posizon xeográfica, as súas riquezas naturais e a súa antiga cultura, produto dun-a intelixencia natural da raza galega, fan que a independéncia material corra parella con aquelas qualidades étnicas.

Mais, porén todo o dito, que outros povos que quixeran depender de si mesmos, farian valer para conquerir a súa liberdade material, non significa todo para a nosa Pátria. Pois temos quanto se pode exixir para ser un-a nazon ceibe. Falta-nos somente — pe-se a ésa intelixencia de que se fixo mérito — o único que se pode conquerir (nada do que fica dito pode ser conquerido se non se ten). Falta-lle, ao povo galego, concéncia galega; anxeios de ser, de voltar a ser o que foi, e refazer a súa Pátria; que o desgrazado paréntese da nosa história non sexa indefinido.

É dórosa isa realidade: Un povo grande que ignora-o; un povo rico que exprota-se en proveito dos inimigos dele, e dos quaes sofre os aldraxes mais ferintes que povo algún suporta; un povo que pode valer-se a si mesmo, e polo tanto ser ceibe, explotado por outro que non pode valer-se do mesmo xeito, que precisa do que rouba a outros povos, cuia circunstancia fai-no inmeresciente de ser ceibe.

Dende logo que a domeazón bárbara, exercida polo estado hespañol na nosa Pátria, arrasando todo quanto atopou de galego, e a convivencia

Sociedade Nazonalista "Pondal"

Esta Sociedade, celebrou no mês do ppasado fevereiro, Asembleia Xeral d'Associados, havendo concorrido a ela un amplo número d'irmáns, que doáron ao acto un ambiente de grata animosidade para proseguir traballando cada vez con mais entusiasmo e constáncia, polos ideais outamente patrióticos da Instituícion, os quais pretenden un-a Galiza remida de hexemonias alleias e d'intromisóns forasteiras no patrimonío da súa vida.

Dempois de ter dado conta a X. D. da súa actuazon, durante o exercicio fenecido, e d'haver-se tratado certos asuntos relacionados coa Causa perseguida, ao fin de poder render-lle a mais propicia e posibel laborazon, pasou-se a designar os irmáns substituintes dos que na actualidade cesaban na súa mison á fronte da Sociedade.

Ficou, pois, formada a nova X. D. da maneira seguinte: Presidente, Manoel Lamas; Segredário Xeral, Moisés Da Presa; Segredário d'Actas, António Vidal; Tesoureiro, António Castro. Vogais: Manoel Salheres, Ernesto Atanásio, Ricardo Flores, Xoán F. Gonzales e Urbán Hermida. Revisores de Contas: Lois A. Castro e Xosé Barril.

Para Bibliotecário, foi reelegido o irmán Manoel Oliveira, quen á vez ten ao seu cárrgo a Seizon "Venda de Livros".

LIBROS GALEGOS

A VENDA NA SOCIEDADE NAZONALISTA "PONDAL"

NOVELAS

R. Otero Pedrayo	
Os Señores da Terra	\$ 1.25
O Estudante	\$ 1.25
A Maorazga	" 1.—
Arredor de si	" 1.—
"Fra Vernerio"	" 1.25
Vicente Risco	
O porco de pé	\$ 1.50
G. López Abente	
Vao silveiro	\$ 1.—
O diputado por Beiramar	" 1.—
Aurelio Ribalta	
O derradeiro amore	\$ 1.—
Xoan Xesús González	
A Modelo de Paco Asorey	\$ 1.25
Xosé Lesta Meis	
Abellas de ouro	\$ 2.—

CONTOS

R. Otero Pedrayo	
Contos do camiño e da rúa	\$ 1.—
Camilo Díaz Valiño	
"Contos de Guerra"	\$ 1.20
Ricardo Carballedo	
De min pra vós	\$ 0.50
Correa Calderón	
Margarida a da sorriso d'aurora	\$ 0.40
M. García Barros	
Contiños da Terra	\$ 1.80
A. R. Castelao	

Os dous de sempre	\$ 3.50
Retrincos	" 1.25

POESIA

Manoel Antonio	
De catro a catro	\$ 0.80
R. Carballo Calero	
Vieiros	\$ 1.—
O Silenzo Axionllado	" 1.60
R. Blanco Torres	
Orballo da media noite	\$ 1.—
Armando Cotarelo	
Cancioiro D-Agulla	\$ 1.25
Gómez Ledo	
As Eglugas de Virxilio	\$ 1.—
Borreas	" 1.60
Romanceiro Compostelán	" 1.20
Euxenio Montes	
Versos a tres cás o neto	\$ 1.50
G. López Abente	
Escumas da Riveira	\$ 1.50
Alento da Raza	" 1.—
Nemancos	" 1.25
R. Cabanillas	
Da Terra Asoballada	\$ 1.20
No Desterro	" 1.20
Valentín Lamas Carbajal	
A Musa das Aldeias	\$ 1.20
Poesias	" 1.30
Amado Carballo	
O Galo	\$ 1.80
Victoriano Taibo	
Da vella roseira	\$ 0.40
Xulio Sigüenza	
Cántigas e verbas ao ar	\$ 1.—
Xosé Rubinos	
O Poema da Cruña	\$ 0.75
Leiras Pulpeiro	
Obras completas I.	\$ 1.50
Xesús San Luis	
A volta do bergantiñán	\$ 0.40
Alvaro Cunqueiro	
Mar ad norte	\$ 1.25

Augusto María Casas	
Panal e frol	\$ 1.25
O vento segrel	" 1.25

TEATRO

Vicente Risco	
O Bufón d'El Rei	\$ 0.50
A. Villar Ponte	
Nouturnio de medo e morte	\$ 0.60
Os Evanxeos da Risa Abso- luta	" 2.50
Triptico Teatral	" 1.50
G. López Abente	
María Rosa	\$ 0.75
Alvaro das Casas	
A morte de Lord Stanter	\$ 0.75
Pancho de Rábade	" 0.50
Tres conversas	" 0.60
Mátria	" 0.60
Rafael Dieste	
A Fiesta Valdeira	\$ 1.25
A. Cotarelo	
Beiramar	\$ 0.60
Mourenza	" 0.50
R. Otero Pedrayo	
A Lagarada	\$ 0.50
Xesús San Luis	
O Fidalgo	\$ 1.60
Ramón Cabanillas	
A man da Santiña	\$ 1.50
Vilar Ponte e Cabanillas	
O Mariscal	\$ 1.80
M. Bergueiro López	

Olo cos estudantes	\$ 0.60
F. Porto Rey	
A tola de Sobrán	\$ 0.60
Leandro Carré	
O Corazón d'un Pedáneo	\$ 0.60

VARIOS

Seminario d'E. Galegos	
Arquivos II	\$ 1.50
Arquivos IV	" 1.50
Arquivos V	" 1.50
Vicente Risco	
Miteleuropa (viaxes)	\$ 3.—
Elementos de Metoloxia	" 5.50
A. R. Castelao	
As cruces de pedra na Bre- taña	\$ 2.—
Cousas (2ª)	" 1.60
Cincoenta homes por dez reás	" 1.30
R. Villar Ponte	
Breviario d'Autonomia	\$ 1.25
Historia Sintética da Galiza	" 3.—
R. Otero Pedrayo	
Ensaio histórico sobor da cultura galega	\$ 5.50
Pelerinaxes I	" 2.50
Romanticismo, Saudade, Sentimento da Raza e da Terra, en Pastor Díaz, Rosalia Castro e Pondal	" 2.20
A Romeiría de Xelmires	" 3.50
Teatro Irlandés, "Catuxa de Houliham" e "O País da Saudade" (versión galega por P. R. Castro e os irmáns Vilar Ponte)	\$ 0.80

Estes libros mándanse, franco de porte, a quen os pida.

Dirixirse a Sociedade Nazonalista "PONDAL", rúa México 1660, ou a "Federación de Sociedades Galegas", Belgrano 1732.